

INVESTIMENTO ESTRANXEIRO E INDUSTRIALIZACIÓN EN GALICIA. UNHA APROXIMACIÓN EN TERMOS DE EMPREGO

XO AQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA

Departamento de Economía Aplicada
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Investimento estranxeiro, Emprego, Efectos rexionais, Compañías transnacionais, Industrialización.*

Key words: *Foreign investment, Employment, Regional effects, Transnational companys, Industrialisation.*

Resumo

O traballo quere responder á pregunta: ¿cómo avalia-los investimentos protagonizados polas empresas transnacionais en Galicia? O resultado ha ser considerado, en primeira instancia, paradoxal. Por unha banda, non pode ser negada a destacada contribución das empresas participadas desde o exterior á produción industrial. Pero, por outra, non podemos esquecer que no período que estudiamos prodúcese unha entrada sostida e extremadamente relevante de capitais exteriores na economía española. A participación galega, que nos mide o grao de atracción comparado da nosa economía, é moi baixa, de acordo con tódolos indicadores utilizados. Polo tanto, a abertura ás transnacionais non permitirá corrixir —pola contra, afonda— o menor grao de industrialización de Galicia. En segundo lugar, determinado tipo de producións industriais sería inexistente de non terse efectuado o investimento foráneo. ¿Era pensable que xurdise en Galicia nos primeiros anos 60 unha empresa competitiva de fabricación de vehículos automóbiles ou, a finais dos 70, un complexo produtor de alúmina e aluminio, por cita-los exemplos máis relevantes, sen participación de transnacionais? En suma, unha parte do capital estranxeiro ocupou franxas do tecido industrial inaccesibles ó capital local, por motivos fundamentalmente tecnolóxicos ou de organización. Non

obstante, e simultaneamente, esta ocupación de puntos nodais contribuirá á configuración específica da industria galega (volcada a mercados externos, escasamente innovadora, desartellada, etc.), sen propiciar un enriquecemento substantivo da base industrial nin reforza-la súa capacidade de adaptación ós embates da crise.

Abstract

This article evaluates the effects of investment by transnational companies in Galicia. Its conclusions are mixed. Though companies with foreign shareholders contribute very significantly to Galician industrial production, this fact must be considered in the context of a period of sustained injection of large quantities of foreign capital into the Spanish economy; according to all the indices used, Galicia's share in this foreign investment is proportionally very small, reflecting the unattractiveness of the Galician economy to foreign investors. Thus the admission of transnational companies tends to aggravate rather than redress the under industrialisation of Galicia. Furthermore, though foreign capital has been responsible for the implantation of industrial activities that, largely for technological and organizational reasons, were beyond the reach of local resources (e. g. a car manufacturing works in the 1960s and an alumina/aluminium plant in the 1970s), foreign occupation of

these key positions in Galician industry has contributed to excessive concentration on foreign market, lack of innovation, poor articulation and failure to promote real enrichment of the local industrial base or to enhance its ability to adapt in response to economic crisis.

1. INTRODUCCIÓN

• Un tema chave na discusión económica mantida en Galicia nos últimos decenios é o relativo á industrialización, considerada como elemento clave no camiño erizado de dificultades que é o desenvolvemento. Nos exercicios comparativos cos espazos da nosa contorna salienta o menor peso relativo do sector industrial galego tanto se o medimos en termos de emprego como se utilizamos a produción ou o valor engadido.

Pero neste debate destacan pola súa escaseza (López Facal; Sequeiros Tizón) as avaliacións da aportación efectuada polo capital estranxeiro á consecución dun ritmo sostido de crecemento do sector industrial entre os anos 60 e 80 ou á configuración das actividades secundarias. Máis insólitas son aínda se cabe as contribucións relativas ó último decenio (Ruiz González; Doval Adán; Fernández Leiceaga, 1990).

Non obstante, o peso crecente que os fluxos de capital exterior teñen na formación bruta de capital fixo española, convertíndose nun dos seus máis salientables compoñentes nos últimos anos (Rodríguez de Pablo), xustifica prestar algunha atención a este elemento, avaliando a súa capacidade para desatar un proceso virtuoso de crecemento que poida influir na corrección dos desequilibrios rexionais de produción e renda. En Galicia, ademais, a invocación á entrada de investidores foráneos preséntase en ocasións como resposta á crise agudísima dos sectores dinámicos tradicionais.

Por outra parte, resulta relativamente frecuente noutras latitudes a preocupación por estes temas desde perspectivas similares á que mostrarán as páxinas seguintes. As análises sobre as preferencias rexionais do investimento directo estranxeiro (Dupuy; Hood) ofrecen conclusións cun grao elevado de coincidencia (e que o noso

estudio non contradecirá): resulta difícil que gracias ós fluxos de capital procedentes do exterior afirmense procesos correctores das desigualdades de desenvolvemento industrial; ou, o que é o mesmo, as empresas foráneas tenderán a concentra-los seus investimentos nas rexións a priori máis desenvolvidas das economías que as acollen. Este debate non é máis que un caso especial da discusión máis xeral sobre a localización de empresas no plano internacional. No noso modesto entender, e malia a corrente analítica que concibe o crecemento dos NICs como resultado das decisións das multinacionais (Kreye; Vidal Villa), tampouco no plano mundial pode esperarse unha acción reequilibradora de trascendencia (Fernández Leiceaga, 1991). As cifras dos fluxos de investimento directo internacional confirman a preferencia das multinacionais polos destinos cruzados, sendo as zonas de destino fundamentalmente a CEE e os Estados Unidos. O maior peso das filiais taller (Michalet), no marco dunha estratexia de redución de custos, non permite impugnar esta afirmación.

Moito máis indeterminados son os resultados dos estudos da relación entre investimento estranxeiro e industrialización ou emprego (OIT, 1976; OIT, 1981; OIT, 1982; Perrakis; Savary; Lall; Cowling e Sugden, para unha relación mínima). A ausencia dun acordo amplo entre os investigadores non obsta para que poidan establecerse como factores clave que condicionan esta relación, por unha parte, a natureza e estratexia das empresas multinacionais implicadas (Michalet) así como do tipo de establecemento (Savary) e a antigüidade da súa presenza; e, por outra, as características e potencialidades da economía receptora (Dunning). Aspectos ámbolos dous que, como parece obvio, non deixan de interaccionar.

• Con estes antecedentes, e no que se refere a Galicia, ¿cómo avalia-los investimentos protagonizados polas empresas transnacionais? O resultado ha ser considerado, en primeira instancia, paradoxal. Por un lado, non pode ser negada a destacada contribución das empresas participadas desde o exterior á produción industrial. Permítasenos indicar tan só dous datos:

— A finais dos anos 80, un de cada catro empregos industriais en Galicia situábase en establecementos pertencentes a empresas con participación foránea, maior ou menor¹.

— Este volume de ocupación máis que se duplicou entre 1977 e 1986 en termos absolutos, e o ascenso en termos relativos aínda foi superior, debido ó forte retroceso do conxunto do emprego industrial².

Pero, por outra parte, non podemos esquecer que no período que estudiamos prodúcese unha entrada sostida e extremadamente relevante de capitais exteriores na economía española (Rodríguez de Pablo; Castillo Hermosa). A participación galega, que nos mide o grao de atracción comparado da nosa economía, é moi baixo, de acordo con tódolos indicadores utilizados. Polo tanto, a abertura ás transnacionais non permitirá corrixir —ó contrario, afonda— o menor grao de industrialización de Galicia.

En segundo lugar, determinado tipo de producións industriais sería inexistente de non terse efectuado o investimento foráneo. ¿Era pensable que xurdise en Galicia nos primeiros anos 60 unha empresa competitiva de fabricación de vehículos automóbiles ou, a finais dos 70, un complexo produtor de alúmina e aluminio, por cita-los exemplos máis relevantes, sen participación de transnacionais? En suma, unha parte do capital estranxeiro ocupou franxas do tecido industrial inaccesibles ó capital local, por motivos fundamentalmente tecnolóxicos ou de organización. Non obstante, e á vez, esta ocupación de puntos nodais contribuirá á configuración específica da industria galega (volcada a mercados externos, escasamente innovadora, desarticulada, etc.), sen propiciar un enriquecemento substantivo da base industrial nin reforzala súa capacidade de adaptación ós embates da crise.

2. O PROCESO DE INVESTIMENTO DIRECTO DO EXTERIOR EN GALICIA

2.1. BREVE APROXIMACIÓN HISTÓRICA: A XUVENTUDE DAS PRESENCIAS ACTUAIS

É preciso efectuar unha primeira consideración temporal. As bases da actual interna-

cionalización pasiva do capital en Galicia sitúanse nun período histórico ben definido, entre 1959 e 1973. Practicamente ningún dos establecementos de empresas multinacionais anteriores a 1939 chegará ata hoxe en día e tan só detectamos algúns exemplos de investimentos plantexados ou realizados entre o final da Guerra Civil e o Plano de Estabilización³ (Cadro 1).

A partir de 1959 o investimento directo estranxeiro no territorio español aumenta de forma sostida, ó abrigo dunha lexislación liberalizadora e aplicada con xenerosidade, dunha forte protección ás importacións, dunha paz social e moderación salarial garantidas pola orde política autoritaria, e impulsadas polo atractivo dunha economía que medraba a taxas elevadas carecendo dun soporte industrial e tecnolóxico sólido. O proceso comezara realmente uns anos antes (podemos datalo en 1953), con proxección en Galicia. Os investimentos realizados na economía galega durante os anos cincuenta, fundamentalmente por compañías de orixe francesa⁴, caracterizábanse pola participación foránea minoritaria no capital social e pola ausencia de conexións tecnolóxicas previas. O móvil era claro: amplía-la cota nun mercado, como o español, cunha protección fronte ás importacións elevadas.

Durante os anos 60, o capital estranxeiro non se someteu a ningún principio de compensación dos desequilibrios territoriais senón que, pola contra, tendeu a amplificar-las desigualdades xa existentes: Madrid e Barcelona reciben un 60% do investimento total; a Galicia non chega máis alá do 1,5% (Cadro 2).

As características máis destacadas do investimento directo estranxeiro realizado en Galicia ó longo do período indicado son as seguintes:

— Sectorialmente non se detectan preferencias marcadas. Un amplo conxunto de ramos industriais reciben aportacións foráneas. Non obstante, utilizando indicadores de dimensión —como o número de empregos creados— a industria automobilística toma a dianteira, deixando moi atrás ás restantes (Cadro 3).

— As dúas zonas privilexiadas de acollida son A Coruña e Vigo-Porriño. Na primeira asistimos á consolidación do núcleo forte procedente dos últimos anos 50, centrado na metalur-

EMPRESA	SECTOR	ANO	E. ESTRANXEIRA	PAÍS
NESTLÉ AEPA	Lácteo	1944	Nestlé	Suíza
ALUGASA	Transf. met.	1957	Pechiney	Francia
GENOSA	Transf. met.	1957	Pechiney	Francia
CITROEN HISPANIA	Auto.	1957	Citroen	Francia
ECESA	Minería N.M.	1957	Rosenthal Ag.	RFA

Fonte: Elaboración propia.

Cadro 1
INVESTIMENTOS ESTRANXEIROS NA INDUSTRIA GALEGA, 1939-1959

	1960-69	1970	1971	1972
Andalucía	4410,0	283,4	304,3	213,1
Aragón	547,9	195,5	259,8	996,7
Asturias	509,2	52,0	260,4	58,1
Baleares	1679,2	76,7	695,6	69,9
Canarias	508,0	91,5	16,6	252,0
Castela a Nova	15325,7	3243,4	3811,0	3199,2
Castela a Vella	1483,3	393,3	996,6	214,1
Cataluña	13279,8	2505,6	2136,6	820,8
Extremadura	31,5	—	60,0	36,0
Galicia	747,2	70,0	67,2	1256,4
León	704,8	—	—	—
Murcia	101,5	9,2	8,0	—
Navarra	510,2	22,3	4,0	—
Valencia	1849,3	162,1	31,3	636,2
Vascongadas	4194,7	948,2	263,1	1216,7

Fonte: *Boletín Estadístico*, Banco de España, Xuño 1973.

Cadro 2
DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DO INVESTIMENTO ESTRANXEIRO MAIORITARIO AUTORIZADO 1960-1972
(Distribución por rexións. Millóns de pesetas)

EMPRESA	ANO	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)
<i>VIGO/PORRIÑO</i>						
CITROEN HISPANIA	1964		607	2010	607	0,30
CARNAUD GALICIA	1964	100	43	44	43	0,98
COOPER ZELTIA S.A.	1964	50	60	66	60	0,91
ICI-FARMA	1964			0		
FERROPLAST. S.L.	1965	100	11	74	11	0,15
COMP. ESP. ALGAS M.	1966	40	51	129	47	0,37
COOPER ZELTIA S.	1967	50	40	183	36	0,20
CARNAUD GALICIA S.	1969		85	20	72	3,63
SAPROGAL S.A.	1969	100	51	78	43	0,56
ARTISCAR S.A.	1969	30	85	65	72	1,12
COOPER ZELTIA	1970	50	34	15	27	1,82
SOC. ESP. OSÍXENO	1970	64	83	31	66	2,16
CAUCHO ATLANT. S.L.	1971	100	137	248	104	0,42
CITROEN HISPANIA	1972	28	901	2011	647	0,32
COOPER ZELTIA S.A.	1972	50	18	6	12	2,16
INDUGASA	1973	50	1349	538	874	1,63
<i>VILAGARCÍA</i>						
THUNE EUREKA	1973	75	48	50	31	0,62
FORESA	1973		79	9	51	5,69
<i>A CORUÑA</i>						
ALUGASA	1964	0	400	70	400	5,71
GENOSA	1964	0	104	31	104	3,38
MAGNESITAS RUBIAN	1965		9	38	8	0,23
PETROLIBER	1966	0	1275	203	1182	5,82
GENOSA	1967		33	11	29	2,72
ALUGASA	1970	0	1265	142	1015	7,15
SILICIO DE SABÓN	1970		185	32	148	4,64
GENOSA	1970		208	12	167	13,96
INTELSA	1971		90	428	68	0,16
PETROLIBER	1972		210	2	150	75,43
PETROLIBER	1072		499	0	359	
(1) Participación do capital estranxeiro sobre o autofinanciamento. (2) Investimentos en capital fixo (millóns de ptas. correntes). (3) Postos de traballo proxectados. (4) Investimentos en capital fixo (millóns de ptas. constantes). (5) Millóns de ptas. constantes de 1964 por posto de traballo.						
Fonte: Datos dos Arquivos dos Polos. Elaboración propia.						

Cadro 3
 INVESTIMENTOS DO CAPITAL ESTRANXEIRO EN GALICIA, 1959-1973

xia dos metais non férreos, cunha certa diversificación que atende tanto á inducción cara adiante dunha industria transformadora como ó aproveitamento dos subproductos dos procesos productivos básicos. O enorme consumo enerxético que as operacións fabriles provocan explica a conexión co grupo local PASTOR/FENOSA. Existe tamén un inicio de diversificación no refino de petróleo, a agroindustria ou a electrónica.

Na segunda, a diversificación sectorial é superior desde o comezo. Ten lugar tanto a consolidación/expansión das empresas instaladas con anterioridade (automoción) como unha entrada heteroxénea sectorialmente pero articulada arredor do mar (envases para conservas, osíxeno, aproveitamento de produtos mariños) ou o campo (química, leite e carne, produtos veterinarios). A penetración é protagonizada por grupos de talla mundial, líderes nos seus respectivos subsectores, coa colaboración de grupos locais necesitados de tecnoloxía exterior para moderniza-las súas actividades ou dotarse dos elementos auxiliares indispensables. Ou por empresas foráneas xa instaladas en España, en proceso de expansión.

— Se algúns autores afrontan un Madrid americano a unha Cataluña europea (Muñoz) nos poderíamos referirnos a unha Galicia francesa, non só polo número de establecementos das empresas con capital de tal orixe senón pola súa superior dimensión, centralidade⁵ e variedade sectorial.

— As multinacionais investidoras en Galicia foron capaces de conseguir unha elevada mobilización dos recursos locais, minimizando o gasto de recursos propios procedentes do exterior sen deixar de obter un control sustantivo da base industrial xerada. O capital foráneo atopa a colaboración dos capitais locais —que articulan a súa cooperación preferentemente mediante a participación no capital social das empresas— e o apoio da administración pública. Na promoción industrial pública detectamos certa discriminación negativa na concesión de beneficios máximos ás empresas polo feito de ser de capital estranxeiro pero máis que compensada

polos criterios utilizados e as formas adoptadas polas subvencións. Á postre, as filiais das transnacionais utilizaron en maior medida cas compañías de capital exclusivamente español este instrumento de política industrial.

¿Cómo explicar este investimento estranxeiro variado pola súa orixe, inespecífica sectorialmente e que cobre todo o espectro de tamaños das unidades productivas? Os Pólos de Desenvolvemento reveláronse ineficaces para modifica-la xeografía industrial española (Buesa) e unha consecuencia diso é a escasa relevancia relativa do destino galego dos fluxos externos. Debemos conceder máis importancia na explicación, entón, ós determinantes internos, á economía galega e a súa relación cos cambios que se estaban producindo na economía española.

Pode ser útil distinguir, a estes efectos, entre dous tipos de investimentos foráneos, segundo o modo de integración na economía española:

— De integración directa, nas que o servizo preferente ó mercado español, interindustrial ou de bens finais, constitúe a súa razón última (productos agropecuarios e forestais, metalurxia do aluminio e industrias afíns, automóbil e electrónica).

— De integración indirecta, sendo o mercado servido o galego. Trátase de establecementos produtores de bens de consumo final, que precisan a proximidade ós demandantes e normalmente adoptan unha organización descentralizada; ou que dotan de insumos interindustriais ó aparato productivo. Neste último caso é a incapacidade da base industrial tecnolóxica propia a que obriga a unha internacionalización pasiva para a provisión de produtos que a modernización dos procesos productivos esixe.

Con este pano de fondo podemos indicar como elementos clave a cobertura das necesidades derivadas do proceso de crecemento/modernización e, en segundo lugar, as vantaxes comparativas, no contexto español, para a produción de leite, carne ou madeira. En terceiro lugar, nun plano moi diferente, habería que concederlle relevancia ás estratexias de

desenvolvemento industrial de grupos económicos autóctonos. Nun contexto de abertura ó exterior e pretensión de mellora acelerada da eficacia do aparato productivo, os grupos económicos que conduciran o proceso de industrialización atopábanse cunha vinca de botella, a incapacidade de xerar tecnoloxía de forma autóctona, o que limitaba os esforzos de modernización. O recurso ó capital estranxeiro revelábase funcional se a colaboración se restrinxía á periferia dos procesos productivos nos que o capital local exercía a súa dominación⁶.

Os resultados das implantacións de tal período sobre o papel de Galicia na división industrial do traballo non foron demasiado positivas. Unha parte debe ser considerada enclave: a partir de materias primas fundamentalmente de importación fábranse bens cun destino final extrarexional, con procesos industriais desvalorizados na petroquímica ou na transformación metálica non férrea, inductores de produción hidroeléctrica. Outra parte contribúe á especialización nas primeiras etapas de transformación fácil dos produtos primarios, cun ulterior acabado nas proximidades dos centros de consumo españois. Pero tamén existe un reforzamento do tecido industrial local articulado arredor do mar así como a expansión acelerada da industria automobilística e auxiliar.

Os efectos sobre a xeración de emprego son escasos, tanto directa como indirectamente —de novo, con excepción de CITROEN—. O carácter intensivo en capital dos procesos productivos (sobre todo nas filiais presentes na zona da Coruña) e a escasa conexión vía compras coa economía galega sosteñen esta conclusión.

2.2. OS ANOS DA CRISE GLOBAL

2.2.1. O contexto español

A partir de 1977, unha vez encauzada a transición cara a un novo rexime político, ten lugar unha forte aceleración da entrada de capitais exteriores na economía española. Os niveis limitados de partida, o proceso progresivo de liberalización nas relacións económicas co exterior e o mantemento do atraso progresivo do

capitalismo español explican este fenómeno. Tamén contribuíron a súa extensión as modificacións legislativas xa que, logo dun endurecemento normativo a primeiros dos 70 (moi moderado e con escasas consecuencias prácticas), asístese á vitoria dunha pertinaz tendencia liberalizadora, que se completa e homoxeniza coa lei de 1986.

Ata mediados dos anos 70 as filiais das transnacionais establecidas en España mostraran unha elevada propensión importadora e unha reducida taxa de cobertura nas súas operacións comerciais co estranxeiro. A partir de entón desenvolverase o vector exportador, co resultado de reduci-lo déficit comercial imputable a tales operacións. Non obstante, permanecen aínda un bo número de filiais que traballan fundamentalmente para o mercado español (Castillo Hermosa; Alonso).

Con este pano de fondo, ¿qué ocorre en Galicia? Deben diferenciarse dúas fases, coa divisoria establecida en 1980 e un número elevado de características diferentes.

2.2.2. O investimento estranxeiro en Galicia, 1973-1980

A crise, sobre todo no campo industrial, retrasa a súa chegada a Galicia. O capital transnacional prosegue a súa expansión no noso país, como proxección do interese manifestado pola economía española. As palabras clave son as de madurez na continuidade. O pantano das dificultades económicas tragarase, con todo, algúns dos proxectos ó pouco de poñerse en funcionamento. Sorprende a imprevisión característica de certos investimentos, calculados sobre hipóteses rapidamente desacreditadas pola realidade. Sen que estean ausentes exemplos en contrario, producíranse sobre todo operacións de crecemento interno, con escasas compras de empresas e reducidos desinvestimentos. Ó lado de filiais de mercado integradas na economía española presenciámola aparición de filiais orientadas á exportación, de novo cuño, e unha tímida reorientación cara o exterior de empresas xa instaladas. Así, as transnacionais operantes en Galicia contribúen a impulsa-la integración informal na economía europea desde finais da década dos 70 (Cadro 4).

TRIENIOS	(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	TOTAL
I	657	10016	1422	63454	4664	4069	96614
II	74	309	1526	8423	20	1391	18002
III	58	89	76	1121	105	401	3437
IV	149	515	74	9014	11	356	10356
V	26	144	8	470	19	49	803
MEDIA	193	2214	621	16497	963	1253	25843

Os trienios son: I, 75-77; II, 78-80; III, 81-83; IV, 84-86; V, 86-88

(1) Terreos e solares.
 (2) Edificios.
 (3) Outras construcións.
 (4) Maquinaria e instalacións.
 (5) Elementos de transporte exteriores.
 (6) Outros investimentos.

Fonte: Elaboración propia.
 Nota: Nas cifras totais inclúense tamén aqueles investimentos para os que carecemos de datos desagregados. por iso non coinciden coas sumas das cifras parciais.

Cadro 4
 INVESTIMENTOS ESTRANXEIROS NA GAEIG
 RITMOS TRIENIAIS DO VOLUME DE INVESTIMENTO

Por sectores, os movementos máis relevantes son os seguintes:

— O sector da metalurxia non férrea experimenta un forte crecemento ligado a un proceso de enriquecemento industrial, contribuíndo Galicia á decisiva expansión do ramo en España —sobre todo no aluminio—. O protagonista central segue sendo o grupo francés PÉCHINEY, pero cambiaron substancialmente os elementos colaboradores, coa mingua da importancia do capital galego e o establecemento dunha alianza múltiple co sector público español e, indirectamente, a empresa canadiana ALCAN. Confírmanse os determinantes específicos da economía galega como elementos de atracción significativos para a metalurxia básica do aluminio. A esixencia exportadora dotará de fragilidade á estrutura creada, moito máis dependente que no período anterior do curso da demanda e os prezos no mercado internacional.

— No automóbil a década dos 70 é de redefinición do papel da filial española de CITROEN, ó que non resulta allea a incorporación

da matriz ó grupo PSA. Esta redefinición instrumentábase, no plano do control accionarial, por medio dun ascenso na participación por parte da matriz no capital social da filial, ata ostentar unha nítida maioría. Teñen lugar cuantiosos investimentos que permiten mellora-la produtividade e renova-la oferta de produtos, facendo posible a competitividade externa das producións de CITROEN HISPANIA e a asunción de novos cometidos no organigrama do grupo transnacional. Por outra parte, o perímetro de dominio de CITROEN amplíase, ó consolidarse INDUGASA e integrar na esfera de influencia pequenas empresas españolas.

— O capital transnacional está detrás —en practicamente tódolos subsectores con excepción do de minerais enerxéticos— do auxe que experimenta a minería en Galicia a partir de 1975. Os investimentos mineiros estranxeiros continúan caracterizándose por ser conxunturais e de orientación exportadora. No caso dos minerais metálicos, o comezo da explotación depende máis da evolución dos prezos no mercado internacional e da incerteza creada sobre o futuro

dos abastecementos nos países periféricos que de condicións permanentes de rendibilidade. Os escasos vínculos tecidos coa economía galega —limitados á ubicación do capital inicialmente gastado e ó pagamento regular de salarios— permiten ás empresas unha mobilidade superior en resposta ás cambiantes condicións externas. Nas rochas ornamentais, cunha superior presenza dos capitais autóctonos e unha estrutura productiva máis deficiente, e inclusive nos minerais non metálicos, a dependencia dos mercados externos incide na incerteza que planea sempre sobre o futuro das explotacións.

— Con menos forza, pero de forma innegable, ten lugar un movemento de expansión da base transnacional na química e a agroindustria, ó tempo que parecen ensaios de penetración foránea en sectores como o de la electrónica ou a transformación metálica.

2.2.3. A etapa de crise industrial en Galicia, 1980-1987

O comportamento das empresas transnacionais acusará a caída no dinamismo económico español e galego ata 1985, así como o negativo comportamento diferencial de Galicia nos anos seguintes. Prodúcese un movemento de repregue, defensivo, de importantes compañías, dos desinvestidores, axustes duros en termos de emprego e redefinicións sectoriais. En todo caso, a reestructuración global ofrece oportunidades para o traspaso de activos entre empresas transnacionais, o crecemento externo de compañías foráneas a costa de empresas locais (ou, en menor medida, en sentido inverso). Estamos lonxe da pacífica e gradual expansión da etapa previa, que é substituída por unha guerra cruenta entre forzas económicas opostas. É de destacar tamén o novo papel do Estado, que exercerá un papel de socializador de perdas de compañías agónicas, previo o seu traspaso a un capital transnacional moitas veces subvencionado.

Redúcese neste período a importancia da transformación metálica no tecido industrial de Galicia, en proceso paralelo, aínda que de superior intensidade, ó español. Na metalurxia do aluminio, a década dos 80 constitúe tempo de

crise. Redefíñense os axentes económicos actuantes, adelgazan as cadros de persoal e, en moitos exercicios, todo iso non impide as cuantiosas perdas. O grupo PUK retira as súas participacións en ALUGASA —e, indirectamente, nas compañías participadas por ela— por máis que manteña unha leve presenza en Galicia a través de EVATSA. Esta retirada estratéxica (Fernández Leiceaga, 1990) permite o aumento da participación pública, que segue acompañada pola multinacional estadounidense ALCAN.

O automóbil sofre unha reestructuración paralela á europea. CITROEN HISPANIA desfáise da súa factoría de Ourense e diminúe os efectivos do centro vigués. Por outra parte, redefine o grao de integración que considera aceptable, traspasando as accións de INDUGASA e inducendo transformacións nas relacións cos seus subministradores.

Noutras empresas a crise do sector naval provoca dificultades de venda da produción —como en THUNE EUREKA— ou obriga ó sector público a intervir como unidade sanitaria de urxencia (H. J. BARRERAS), ó tempo que se transforma unha vinculación tecnolóxica previa en investimento directo.

Nas empresas mineiras con participación estranxeira paga a pena sinala-las diferencias entre as operantes na minería metálica co resto. COPAREX e RÍO TINTO MINEIRA son abandonadas, en vista da tendencia dos prezos no mercado mundial e as posibilidades de redución dos custos de extracción por parte das compañías matrices en ubicacións alternativas. Mentres, no caolín ou a lousa, as participacións externas mantéñense sen que, non obstante, detectemos novos investimentos.

2.2.4. Os últimos anos

Permitásenos unha referencia especial ós últimos anos, para os que están dispoñibles informacións rexionalizadas de investimento directo⁷. A súa análise confirma o excentricidade de Galicia como centro de recepción de investidores exxternos, no ámbito español. O capital estranxeiro continúa concentrando o seu interese en Madrid e Barcelona, ós que se suma agora Andalucía (Cadro 5).

PORCENTAXES	1986	1987	1988	1989	1990	1991
COMUNIDADES AUTÓNOMAS						
Andalucía	4,72	4,96	7,57	12,87	5,47	9,05
Baleares	1,45	1,67	1,41	2,42	1,38	1,05
Catela-A Mancha	2,22	0,46	0,79	0,25	0,46	0,52
Varias	31,54	16,37	5,9	4,44	3,37	0,77
Galicia	1,85	0,65	1,03	1,26	0,54	0,54
Euskadi	3,42	2,17	2,33	3,91	2,83	1,10
Castela-León	2,55	2,08	0,52	1,11	0,70	0,50
Madrid	28,14	32,38	46,37	40,62	46,06	47,26
Navarra	0,82	0,17	1,48	0,86	2,22	1,39
Asturias	0,19	0,05	0,2	0,14	0,51	0,47
A Rioxa	0,11	1,84	0,39	0,87	0,14	0,23
Cantabria	0,38	0,35	0,15	0,78	0,15	0,07
Murcia	0,15	0,08	0,2	0,57	0,51	0,63
Valencia	1,22	1,25	2,45	2,75	2,15	1,63
Canarias	2,08	1,49	1,29	1,04	2,09	1,27
Extremadura	1,18	0,17	0,09	0,12	0,12	0,14
Cataluña	17,03	32,74	23,7	24,58	29,94	32,78
Aragón	0,94	1,13	4,02	1,42	1,35	0,60
TOTAL	100	100	100	100	100	100

Fonte: Datos dos Arquivos dos Pólos. Elaboración propia.

Cadro 5

PROXECTOS DE INVESTIMENTO DIRECTO. DESTINO POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Non obstante, de utilizar datos referidos á ZID (Zona de Industrialización en declive) de Ferrol e ás ZPE (Zonas de Promoción Económica) galegas destaca, contradictoriamente, o dinamismo mostrado polo capital estranxeiro e o seu peso no investimento subvencionado. Esta conclusión ha ser matizada polo feito de que nun número elevado de proxectos existe unha forte colaboración entre o capital foráneo e o local. Por outra parte, e como fenómeno positivo porque indica a potencialidade investidora, destaca a dispersión sectorial elevada. Salientan, con todo, o sector de transformados de madeira, o de acuicultura, a extracción e transformación de rochas ornamentais e a industria auxiliar do automóbil (Cadro 6).

3. UNHA AVALIACIÓN DOS RESULTADOS EN TERMOS DE EMPREGO

3.1. EMPREGO E INVESTIMENTOS FORÁNEOS

O emprego xerado polos investimentos transnacionais nas economías de acollida foron

unha das variables que os analistas privilexiaron ata agora para avalia-los seus efectos⁸. É comprensible este interese, por canto, en áreas de subdesenvolvemento, un dos problemas relevantes ós que debe enfrontarse todo ensaio industrializador é o da absorción de man de obra sobranante nos sectores tradicionais. Ademais, parece claro que o acerto dunha estratexia de desenvolvemento económico hase medir, en períodos longos, pola súa capacidade para incorporar ó traballo á poboación demandante de ocupación.

Pero, desde unha perspectiva metodolóxica, aparecen inmediatamente dous problemas que obrigan a dudar do acerto desta aproximación:

— ¿Cál sería a situación alternativa coa que debemos compara-la entrada do investimento foráneo? (Dunning). Dúas posicións diverxentes enfrontanse sobre este aspecto; aqueles que consideran que o custo de oportunidade da presenza transnacional é nulo para o país en cuestión, e os que pensan que os efectos negativos e a longo prazo superan con moito ós positivos.

ORIXE DO CAPITAL	NÚMERO	INVESTIMENTO (millóns de ptas.)	EMPREGO	EMPREGO/INVESTIMENTO (millóns de ptas.)
Galicia	500	51598,0	5078	10,2
España	19	18821,4	576	32,7
Estranxeiro	4	20030,2	527	38,0
Mixto con C.Exterior	32	131872,7	2687	49,1
Mixto sen C.Exterior	20	4335,2	297	14,6
	575	226657,6	9165	24,7

Fonte: Consellería de Economía e Facenda, Xunta de Galicia.

Cadro 3
PROXECTOS SOLICITANTES DE INCENTIVOS REXIONAIS
 (Galicia, 1989)

— ¿Cómo captar con precisión o enmadelamento de efectos directos e indirectos, de primeira ronda e segunda ronda ou sucesivas, que os analistas máis finos individualizan? (OIT, 1981; Lall). Porque, ademais, as prescricións derivadas da consideración parcial son, de feito, contradictorias entre sí. Isto demostra que carece de sentido preocuparse, sen máis polo nivel de ocupación. A variable interesante é o emprego compatible coa competitividade e o crecemento.

Non obstante, carecemos dun factor crucial que poida substituir ó emprego de forma satisfactoria. Cos condicionantes aludidos, ofrecemos a continuación os resultados do investimento transnacional en Galicia en termos de ocupación. Distinguimos, metodoloxicamente e no plano expositivo, os efectos directos dos indirectos.

3.2. EFECTOS DIRECTOS SOBRE O EMPREGO

A fins da década dos 80, un de cada catro empregos industriais en Galicia se sitúa en establecementos pertencentes a empresas con participación estranxeira. Como é de esperar, esta presenza elevada non se distribúe homoxeneamente desde o punto de vista sectorial (Cadro 7).

Poden ser distinguidos tres grandes espazos:

— De internacionalización acusada, sendo o capital foráneo predominante ou exclusivo e participando ademais de forma maioritaria no capital social das empresas. Trátase da fabricación de automóbiles e industria auxiliar, minería metálica e non metálica, fabricación de bens de equipo —con exclusión da construción naval propiamente dita e a industria de fabricación de armamento—, bebidas, aceites, química agrícola, envases metálicos e acuicultura. Notemos que, en ocasións, todo o sector en Galicia redúcese a unha empresa, e esta é estranxeira (ou está participada desde o exterior).

— De confrontación/colaboración entre o capital foráneo e o capital público e privado de orixe española (este último normalmente de orixe galega). É preciso diferenciar entre a área de confrontación (na que se atopan os ramos agroalimentarios e de transformación da madeira, pinturas e compoñentes electrónicos), con participación maioritaria de transnacionais nas filiais e competencia con empresas autóctonas polos recursos e o mercado; e a área de colaboración (transformados metálicos, conxelados) instrumentada a través da participación relativamente equilibrada en empresas conxuntas. na área de confrontación as apetencias do capital estranxeiro decántanse claramente cara ós transformados da madeira e, nos últimos dous anos, o sector lácteo, cunha penetración importante de capital comunitario.

SECTORES	TOTAL	Nº DE EMPRESAS CON CAPITAL ESTRANXEIRO	PORCENTAXE
Bens de equipo	5	4	80,00
Marindustria	53	3	5,66
Carne, pensos	31	8	25,81
Lácteos	16	5	31,25
O. Aliment.	4	1	25,00
Bebidas	9	4	44,44
T. Madeira	32	3	9,38
Auto e Auxil.	12	3	25,00
Minería Metálica	6	5	83,33
M.N. Metal. / R. Ornam.	25	4	16,00
Petrol., Quím., etc.	42	15	35,71
Mat. Construc.	21	1	4,76
Transf. Metal.	45	9	20,00
Electrón.	3	3	44,44
TOTAL	308	68	22,08
C. Naval e Armas	15	0	0
Tex./Confec.	50	0	0
Prensa	8	0	0
O. Bens consumo	6	0	0
M. Enerxética	2	0	0
Enerxía Eléctrica	4	0	0
TOTAL	393	68	17,30

Fonte: Elaboración propia.

Cadro 7
PRESENCIA DO CAPITAL ESTRANXEIRO EN GALICIA

— De acumulación autóctona exclusiva, en ramos intensivos en capital e protexidos administrativamente ata hai escaso tempo (naval, minería enerxética, enerxía eléctrica), ou intensivos en traballo, de pequenas empresas e forte acumulación privada autóctona (conservas de peixe, tecidos e confección).

Entre 1977 e os últimos anos 80 produciuse un crecemento importante en termos absolutos (máis que se duplicou) e relativos do emprego das empresas con capital estranxeiro presentes en Galicia. Aumentou o número de compañías participadas e o seu tamaño medio, en volume de ocupación por establecemento. Este incremento resulta tanto máis relevante canto que o conxunto do sector industrial expe-

rimenta un retroceso en termos de emprego. A expansión así manifestada das filiais das transnacionais, que se corresponde parcialmente co aumento do emprego transnacional en España (Durán), é indicativa dunha resposta específica, e positiva comparativamente, ós retos da crise.

Non obstante, o comportamento das empresas multinacionais acusa marcadas diferencias antes e despois de 1979. A primeira fase é decisiva: as compañías xa presentes expáñdense e diversifican, ó tempo que lanzan novos proxectos. Na segunda redúcense substantivamente os ritmos de investimento externo e, polo tanto, de xeración de empregos directos. Agora, polo demais, o crecemento externo das empresas pasa a un primeiro plano e teñen lugar desinvestimentos de importancia (Cadro 8).

	AMPLIACIÓNS	NOVAS	TOTAL	AMPL./TOTAL
I	13	8	21	61,90
II	10	2	12	83,33
III	10	2	12	83,33
IV	4	3	7	57,14
V	7	1	8	87,50
MEDIA	8,8	3,2	12	73,33

Fonte: Elaboración propia.

Cadro 8
MODALIDADES DO INVESTIMENTO. RITMOS TRIENAIIS

Ademais, en tal comportamento positivo fronte á crise convén non esquecer-lo papel do capital privado e público español, así como da política industrial pública. Existe un perímetro de colaboración amplo entre o capital estranxeiro que investe en Galicia e o capital español, con case un 75% de filiais coparticipadas (Cadro 9).

Parece, sen embargo, que a profundidade da colaboración non pon en perigo o control efectuado desde a matriz. As empresas transnacionais operantes en Galicia, na maioría dos casos son empresas importantes e cunha internacionalización acusada que se pon de manifesto pola complexidade da súa organización internacional. O control desde a matriz tende a establecerse por medio do dominio das variables tecnolóxicas e a reserva das decisións básicas; o control a longo prazo conséguese pola ausencia de actividades estratéxicas como a investigación.

Dúas de cada tres implantacións están controladas por capitais europeos, sobre todo comunitarios, manténdose as pautas de décadas anteriores. Dentro da CEE destaca Francia, tanto polo número de participacións como polo valor absoluto dun indicador como o emprego directo xerado. A segunda zona de orixe é América do Norte. Xapón está practicamente ausente, así como os países subdesenvolvidos (Cadro 10).

Estes capitais manteñen interrelacións significativas con empresas industriais españolas e non, coa excepción do aluminio, coa banca privada ou o sector público. As relacións co capital galego son escasas, salvedade feita do grupo ZELTIA e CARNAUD.

Por outra parte, o financiamento dos proxectos de investimento externo realízase na súa

maior parte con fondos españois (88,5% do total), cun recurso alto ó autofinanciamento e ós fondos públicos. A escasa necesidade de crédito privado explica quizás a ausencia de participacións da banca.

O número de proxectos con capital estranxeiro subvencionado pola administración pública é elevado, conseguindo unha axuda media importante, a pesar de que na definición das axudas maniféstase certa prevención contra as multinacionais exteriores. Esta benevolencia na acción incitativa do estado aumenta ademais conforme nos aproximamos ó presente (Cadro 11).

O investimento transnacional reforza os desequilibrios xeográficos industriais internos a Galicia, cunha preferencia manifesta polo eixe Vigo-Porriño (un 33% das ubicacións totais) e A Coruña. Sen embargo, dáse unha relativa especialización entre ámbalas dúas zonas: mar-industrial, ademais do automóbil e as industrias conexas na primeira. Agroindustrial e transformación do aluminio, na segunda (Cadro 12).

¿Por qué este reforzamento das zonas xa máis industrializadas? Os factores que condicionan a localización son a proximidade ós insumos básicos (ós recursos naturais para as unidades primarias dependentes dunha estratexia de aprovisionamento, e ós portos de entrada para os insumos importados) ou os mercados de consumo (para as unidades finais que serven ó mercado galego nas proximidades das aglomeracións urbanas, e para as unidades exportadoras preto das instalacións portuarias ou das vías de comunicación coa meseta). En terceiro lugar, a existencia dun tecido industrial previo, nos casos de compras de empresas dentro dun vector de crecemento externo transnacional, ou conexións

Investimento estranxeiro e industrialización en Galicia. Unha aproximación en termos de emprego

SECTORES	100%	> 50% < 100%	50%	< 50%
Bens equipo		3		5
Marindustria		1	1	
Carne, pensos	5	2	2	
Lácteas	5			
O. Aliment.			1	
Bebidas		2		
T. Madeira	2			2
Auto e Auxil.	3	2		1
Minería Metálica		3	1	
M.N. Metal. / R.		1	3	
Ornam.	3	1		
Petrol., Quím., etc.				5
Mat. Construcc.		2		1
Transf. Metal.		2		7
Electron.		2		
TOTAL	18	19	8	21

Fonte: Elaboración propia.

Cadro 9
TIPO DE PARTICIPACIÓN ESTRANXEIRA

SECTORES	CEE FRANCIA	TOTAL	O. EUROPA	USA	CANADÁ	OUTROS	TOTAL
Bens equipo	1	1	1	1			
Marindustria	1	1		2			
Carne, pensos	3	4		4			
Lácteas	1	1	2	1			
O. Aliment.		1					
Bebidas		3		1			
T. Madeira		2	2				
Auto e Auxil.	5	6					
Minería Metálica	2	4			1	1	
Outra minería	2	4					
Pet., Quím.	2	8	1	3		1	
Mat. Construcc.	1	1	1				
Transf. Metal.	4	4		1	5		
Electron.		1	1	1			
TOTAL	21	41	8	14	6	6	73

Fonte: Elaboración propia.

Cadro 10
PAÍSES DE ORIXE DAS EMPRESAS CON CAPITAL ESTRANXEIRO

PERÍODO	PROXECTOS	PROXECTOS SUBVENC.	%	SUBVENCIÓN MEDIA
1975-1980	31	17	0,54	9,38
1981-1987	17	15	0,88	15,66
1975-1987	48	32	0,66	12,43

Fonte: Expedientes presentados á GAEIG. Elaboración propia.

Cadro 11
PROXECTOS CON CAPITAL ESTRANXEIRO SUBVENCIONADOS. GAEIG.

SECTORES	PROVINCIA CORUÑA		PROVINCIA PONTEVEDRA		LUGO	OURENSE
	CAPITAL	TOTAL	VIGO PORRIÑO	TOTAL		
Bens equipo	1	1	1	2		
Marindustria		2	4	5		
Carne, pensos	4	5		1		
Lácteas			1	2	3	
O. Aliment.		1			2	
Bebidas	2	2	1	2		
T. Madeira		1	2	3		
Auto e Auxil.			4	4		2
Minería Metálica		3			1	1
M.N.Metal./R.Ornam		1	1	1	2	
Petrol., Quím, etc.	5	6	10	11		
Mat. Construc.			1	1		
Transf. Metal.	4	4	2	3	2	
Electron.	2	2	1	1		1
TOTAL	18	31	28	36	10	4

Fonte: Elaboración propia.

Cadro 12
LOCALIZACIÓN DAS EMPRESAS ESTRANXEIRAS

productivas con empresas xa instaladas. En cuarto lugar, os diversos tipos de accións públicas.

Tan só, e aínda parcialmente, a acción do primeiro factor favorece a dispersión dos investimentos estranxeiros. E así comprobamos que as empresas do sector lácteo, por exemplo, atópanse radicadas na provincia de Lugo (Besnier en Vilalba e Kraft en Ribadeo). Pero todos

os restantes sectores favorecen a elección efectivamente tomada polo capital foráneo.

3.3. O EMPREGO INDIRECTO

No que se refere á xeración indirecta de emprego, habería que distinguir entre efectos de oferta e de demanda. Os primeiros son máis difíciles de captar, por canto normalmente

establécense por medio da competencia no mercado⁹. ¿En qué medida desapareceron compañías de orixe galega debido a súa incapacidade para competir coas filiais das transnacionais?; ¿ata qué punto a mellora da eficacia no proceso productivo derivado da introducción de novos insumos por parte das devanditas filiais permitiron a outras empresas eleva-lo seu limiar de competitividade?; ¿forzou a presión dos competidores foráneos un esforzo de mellora das nosas compañías?...

Ata o momento, as interrelacións máis significativas refírense á toma de control de sociedades autóctonas por investidores foráneos, en proceso acelerado nos últimos anos¹⁰. Agora ben, este fenómeno non só posúe valores negativos: trátase, en moitas ocasións, dun procedemento eficaz para salvar —normalmente de forma parcial— os empregos directos e indirectos postos en perigo por xestións ineficaces. Mentres a economía galega siga aberta ó exterior este tipo de operacións xeneralizárase. O problema non radica nelas mesmas senón na incapacidade de suscita-la aparición de actores empresariais que participen neste xogo e se internacionalicen de forma activa, equilibrando o resultado final neto para o noso espacio económico. Quizás unha adecuada política industrial pública tivese que situar este obxectivo entre as súas prioridades.

A problemática restante dos efectos indirectos de oferta é escasamente aprehensible desde o momento en que utilizamos como marco referencial unha economía rexional e as transnacionais instaladas están decididamente orientadas cara o mercado español.

Nos efectos de demanda debemos diferenciarlos xerados durante a fase de realización do investimento dos producidos durante a marcha posterior da empresa. De entre os primeiros interesáronos pola procedencia da maquinaria empregada polas transnacionais. De entre os segundos prescindiremos das rendas percibidas polos traballadores empregados así como do destino das ganancias, para centrarnos nas vinculacións interempresariais. Esta acotación do noso interese está motivada fundamentalmente polo pragmatismo investigador¹¹: é difícil coñecer de que forma participan os establecementos galegos na conta de resultados da filial española dunha transnacional sen a colaboración da mesma; tampouco parece moi rendible o

esforzo que habería que realizar para determina-lo carácter especial ou non do gasto dos salarios pagados polas filiais e os seus efectos, por exemplo, sobre o saldo comercial externo da economía galega.

En tal sentido, as conclusións principais son as seguintes:

- Na fase de realización do investimento, a maior parte dos gastos corresponden á adquisición de maquinaria (aproximadamente o 80% do total). Trátase do concepto menos localizado na economía galega, cun peso considerable das importacións (sobre o 25% do total) e a cobertura da demanda restante por outras zonas da economía española. Polo tanto, a posible xeración indirecta de emprego nesta fase é moi limitada.

Galicia non constitúe unha excepción. Existen razóns ligadas á lóxica de funcionamento das empresas multinacionais que favorecen a compra no exterior —na economía matriz— dos bens de capital que precisan. Entre outras, a minimización dos custos de transacción en que incorren como consecuencia da implantación de procesos productivos; ou a necesidade de mante-la homoxeneidade das condicións de fabricación e o nivel de calidade dos bens resultantes, o que obriga a utilizar en todo o universo da firma a mesma maquinaria. Polo tanto, cabe esperar que as filiais das multinacionais tendan a xerar unha importación de bens de capital máis significativa que as súas empresas homólogas nacionais.

Pero, simultaneamente, non debemos esquecer que, como se sinalou reiteradamente, Galicia carece de capacidade productora de capital fixo —con excepción da construción naval—. A importación de máquinas é común ó conxunto das empresas radicadas nese espacio e non predicable exclusivamente das filiais de compañías estranxeiras. A relación, pois, entre carácter foráneo do capital social e apelación a mercados externos para a adquisición dos medios de produción resulta máis complexa e bilateral do que unha lectura apresurada das cifras facilitadas indica. Tan só pode ser captada en termos de proceso de desenvolvemento histórico, aludindo por tal ó peso do compoñente extrarexional na, por outra parte, tardía industrialización de Galicia.

• Detéctanse tres estruturas de custos diferenciadas, no conxunto de empresas con capital estranxeiro, que supoñen vías distintas de conexión coa súa contorna; cada unha delas sinala o potencial de xeración de emprego das factorías, que, posteriormente, veremos se se transforma ou non en emprego virtual:

a) Establecementos escasamente intensivos en man de obra (aluminio, petroquímica, silicio), de alto consumo enerxético e intensivos en capital. O estímulo principal transmitido á economía galega ven da man do consumo de enerxía, o que explica a conexión destas empresas co principal grupo eléctrico galego. O efecto indirecto en termos de emprego será moi baixo, polas características técnicas da actividade hidroeléctrica¹².

b) Unidades nas que o custo principal é a man de obra, ó lado das materias primas e semiproductos (automóbil e auxiliares, fabricación de envases, transformación de produtos primarios). O potencial principal de indución de emprego cara atrás corresponderá ás empresas de transformación de produtos da terra ou o mar, por canto combinarán o pagamento de salarios directos —situándose ademais con frecuencia en zonas rurais, orfas de emprego industrial— coa compra das materias primas. Nas compañías de transformación metálica o volume de postos de traballo xerados é moi elevado en termos absolutos, pero o seu potencial inductor a través da adquisición de semiproductos e materias primas esterilizarase ó efectuar altas importacións.

c) Explotacións mineiras, con baixas porcentaxes de utilización de materias primas. A incidencia sobre a contorna redúcese tradicionalmente ó pagamento de rendas salariais, por ser estas empresas fortes importadoras de bens de capital. O apelativo de *enclaves* non sería excesivo.

Unha vez coñecido-los efectos potenciais indirectos sobre o emprego, efectuamos unha clasificación dos establecementos controlados polo capital estranxeiro, en función da localización das compras e as vendas, para coñece-lo grao de articulación efectiva con tecido industrial galego.

Convén resaltar fundamentalmente a mínima importancia das unidades completas (Savary) que manteñen compradores e vendedores en Galicia. Pola contra, para case todas elas o mercado español é extremadamente relevante como destino dos seus produtos. Tamén se detecta o comezo da abertura ó mercado exterior, sobre todo europeo. As unidades productivas de superior dimensión mostran unha propensión importadora e exportadora elevada, que esteriliza as súas posibilidades de indución tanto dunha industria subministradora como transformadora en Galicia (Cadro 13).

Unha mostra máis do dito: a porcentaxe que representan as exportacións das transnacionais sobre o total é moi elevado (preto do 50%), concentrándose nun número limitado de produtos para os que posúen o monopolio do comercio externo (Cadro 14).

Por outra parte, existe unha preferencia manifesta pola economía matriz para as vendas exteriores, aínda que se asiste a un comezo de especialización por produtos das plantas galegas (Cadro 15).

Polo tanto, os efectos de enlace (Hirschmann; Lall-Singh) das filiais son potencialmente moi amplos, como se pón de manifesto nos distintos cadros anteriores, aínda que o seu grao de realización efectiva é moi baixo. O nacemento dunha nova demanda no mercado galego, por efecto da instalación dunha filial, non suscitou, con carácter xeral, a aparición de actividades que a satisfixeran. A norma conta con excepcións: así, a implantación de CITROEN en Vigo favoreceu a localización nas proximidades de certa industria auxiliar que, con todo, a penas si suministraba o 20% dos insumos interindustriais totais.

Algo similar sucede coa irrupción dunha oferta antes inexistente. En moi contadas ocasións isto permitiu o enriquecemento da matriz interindustrial polo desenvolvemento de operacións de transformación. Poderían aducirse excepcións, como a de PERFIALSA, na que se patentiza unha vontade desde o sector público de acometer esa tarefa, pero non son globalmente significativas.

Esta esterilización de potencialidades de desenvolvemento, ¿ha ser cargada no debe das multinacionais? Con carácter xeral, a estratexia empresarial condiciona de forma autónoma o

I. PERÍODO 1975-1980				
EMPRESA	ANO	GALICIA	RESTO ESPAÑA	ESTRANXEIRO
ALUMINA ESP.	1978	0,00	0,00	111,11
PIQUISA	1977			
ENV. CARNAUD	1978	+100	38,89	250,00
INDUGASA	1978	+100	86,67	150,00
INDUGASA	1980	0,00	500,00	
SILENCIADORES PCG	1980	333,33	41,67	100,00
AMERICAN PLAST.OF.G.	1979	+100	90,00	
QUICK IBÉRICA	1979	+100	15,00	+100
FORESA	1980	+100	28,57	33,33
CITROEN	1979	67,46	103,02	107,25
II. PERÍODO 1981-1988				
EMPRESA	ANO	GALICIA	RESTO ESPAÑA	ESTRANXEIRO
CAVISA	1981			
PERFIALSA	1981	50,00	+100	
COPAREX M.	1981	30,00	23,33	+100
XYLAZEL	1982	142,85	121,21	0,00
DONUT C.N.	1982	400,00	0,00	
ALUGASA	1983			
RUBIERA LUGO	1983	100,00		
HYPOR IBER.	1983	79,26	1166,67	0,00
KRAFT L.	1985	9,09	8900,00	+100
LIGNOTOCK	1985	20,00	187,50	411,76
THENAISIE P.	1985			
DONUT C.N.	1986	400,00	0,00	
TRADEMA	1986			
CAVISA	1986			
S. SABÓN	1986			
INDUGASA	1986	15,00	28,57	770,00
ICI-ZELTIA	1986	500,00	166,67	0,00
ICI-ZELTIA	1986	200,00	440,00	2,67
COOPER ZELTIA	1986	300,00	100,00	50,00
ICI FARMA	1986	216,66	374,00	0,00
S.E. OSÍXENO	1986	222,22	0,00	
CARTO ESPAÑA	1986	320,00	24,00	+100
FACET IBÉRICA	1986	100,00	192,50	4,44
THUNE EUREKA	1986	30,00	30,00	+100
PESCANOVA	1987	10,00	325,00	100,00
COEFICIENTE DE COBERTURA: (DESTINO/ORIXE) *100				
Fonte: Expedientes presentados na GAIEG e enquisa. Elaboración propia.				

Cadro 13
COEFICIENTE DE COBERTURA DAS RELACIÓNS COMERCIAIS
EMPRESA CON CAPTIAL ESTRANXEIRO

SECCIÓN	PORCENTAXE EXPORTACIÓN ETNS	PORCENTAXE SOBRE TOTAL SECCIÓN	PORCENTAXE SOBRE TOTAL ETNS	PORCENTAXE ETNS SOBRE TOTAL
I	1254	100,0000	0,0012	0,0006
II	219,5	0,0002	0,0002	0,0001
III	3225079	94,7300	3,1110	1,4820
IV	170109	3,4700	0,1641	0,0782
V	440055	1,2200	0,4245	0,2022
VI	844433	27,9100	0,8146	0,3880
VII	291309	44,6000	0,2810	0,1339
IX	63	0,0008	0,0001	0,0000
XIII	184206	1,8700	0,1777	0,0846
XV	36478541	66,1900	35,1884	16,7631
XVI	3410693	65,1699	3,2901	1,5673
XVII	58620103	88,1900	56,5468	26,9379
XVIII	459	0,7300	0,0004	0,0002
TOTAL	103666523,5	47,6300	100	

Valores en miles de pesetas.
Fonte: Elaboración propia.

Cadro 14

EXPORTACIONES DE EMPRESAS CON CAPITAL ESTRANXEIRO
RESUMO COMPARATIVO POR SECCIONES DO ARANCEL

PAÍSES	VOLUME	PORCENTAXE
Francia	60185554,64	58,13
Inglaterra	315933,00	0,31
RFA	20411,00	0,02
Países Baixos	35753236,00	34,53
Italia	511228,00	0,49
Portugal	667699,00	0,64
Bélxica	1410,00	0,00
TOTAL CEE	97455471,64	94,13
Noruega	351342,00	0,34
Suecia	2907,00	0,00
Andorra	3841,00	0,00
Estados Unidos	198181,00	0,19
Xapón	18931,00	0,02
Israel	63079,00	0,06
Suráfrica	27720,00	0,03
TOTAL P.D. SEN CEE	666001,50	0,64
TOTAL P.D.	98121473,14	94,77
Rep. Dominicana	315,00	0,00
Venezuela	40322,00	0,04
Cuba	48,00	0,00
Guatemala	2872,00	0,00
Arxentina	345,00	0,00
TOTAL A. L.	43902,00	0,04
Túnez	6448,00	0,01
Mauritania	7349,00	0,01
Thailandia	12041,00	0,01
Camerún	682,00	0,00
Pakistán	1863343,00	1,80
P. Buques	112,00	0,00
Turquía	3402132,00	3,29
Marrocos	66934,00	0,06
Alxeria	4163,00	0,00
Nixeria	6625,00	0,01
Senegal	8,00	0,00
TOTAL P.V.D. SEN A.L.	5369837,00	5,19
TOTAL P.V.D.	5413739,00	5,23
TOTAL	299822060,42	100,00
Valores en miles de pesetas.		
Fonte: Elaboración propia.		

Cadro 15
EXPORTACIÓNS DAS ETNS POR PAÍSES

nivel dos vínculos establecidos coas empresas locais (Fernández Leiceaga, 1990). O tipo de filial creada (Michalet), a cultura empresarial ou

a natureza das operacións (Lall-Singh), entre outros factores condicionarán o resultado. Por outra parte, existen elementos comúns a toda

multinacional que reduce, de entrada, o seu potencial de inducción: tendencia á centralización das compras, homoxeneidade das técnicas, relacións privilexiadas con certos provedores, etc. Os datos sobre comercio exterior parecen indicar que tamén nas filiais galegas estes fenómenos pesan; de aí, por exemplo, as relacións privilexiadas coa economía matriz.

Pero, por outra parte, a magnitude dos enlaces variará de forma proporcional ó desenvolvemento económico da economía de acollida da filial. A transnacional, facendo abstracción das variables institucionais antes indicadas, pasará as ordes de compra, por exemplo, en función de criterios como o prezo, a fiabilidade técnica, o respecto ós prazos de entrega, etc. Unicamente cando empresas establecidas localmente poidan competir con oferentes foráneos a inducción para a produción local terá lugar. O que esixe ou ben unha base industrial previa que xa producía as mercadorías para as que agora se amplía a demanda, ou ben a existencia de capacidades industriais e tecnolóxicas susceptibles de ser reorientadas eficazmente unha vez que a nova demanda aparece.

Ademais, a orientación da demanda e da produción cara ó exterior non é privativo das filiais de compañías estranxeiras senón característico do conxunto da industria galega, en moita maior medida do que sería esperable pola súa condición rexional. Tan só sería achacable ás implantacións de multinacionais ter exacerbado esta tendencia.

Queda patente tamén nos nosos datos a clara relación entre investimento directo estranxeiro e importación de tecnoloxía, por máis que a relación sexa máis complexa que unha simple correlación directa. O elemento básico é a incapacidade de produción propia de medios técnicos e organizativos que permitan poñer en marcha empresas relevantes en ramos modernos. O resultado é unha balanza tecnolóxica deficitaria á que as filiais das transnacionais contribúen decisiva pero non unicamente.

4. A MODO DE CONCLUSIÓN

Volvamos, pois, ó principio. ¿Cómo avalia-la aportación das empresas multinacionais á industrialización de Galicia? Na nosa opinión, se algo ensinan as páxinas precedentes é que o

recurso ó capital exterior para corrixi-los desequilibrios industriais internos a España e fomenta-lo desenvolvemento das zonas menos prósperas non funciona adecuadamente. Porque, aínda en presenza de fortes incentivos públicos, a atracción que exercen Madrid e Barcelona non resulta facilmente vencible por outras zonas (quizás coa anomalía de Andalucía nos últimos anos). A economía galega foi incapaz de capta-lo volume de investimentos exteriores que lle correspondería pola súa participación na poboación, o emprego, o produto interior bruto ou a produción industrial. A súa distancia dos mercados españois relevantes demográfica e economicamente —agravada por unhas comunicacións difíciles— desanimou a instalación de filiais de mercado (Michalet); non existían tampouco diferenciais de custos que compensasen esa dificultade. Por iso, á marxe de azares ditosos, como a elección de Vigo por CI-TROEN, é a dotación en certos recursos (mineiros, enerxéticos, etc.) ou a especialización productiva primaria (pesqueira, gandeira), a que goberna a instalación dunha boa parte dos establecementos dos grupos estranxeiros. Que dúbida cabe, a incipiente industrialización e o ascenso do nivel de vida, ó configurar un mercado galego específico, tiran tamén por algúns investimentos.

Pero o relevante é a pobreza dos números globais. Nin sequera a acción estimulante dos poderes públicos, a través, sobre todo, de subvencións directas ou exencións fiscais, torceu a dirección dos empresarios foráneos. E iso que, nalgúns momentos, chegaba a subvencionarse ata o 75% do gasto inicial. Pola contra, esta liberalidade pública propiciou manobras especulativas, ligadas a operacións de privatización¹³. Ademais, as accións de sociedades multinacionais contaron case sempre con avalistas locais, que aportaban unha parte do capital necesario: o aforro exterior que se precisaba mobilizar diminuíu, orientando, á vez, unha parte do aforro interior cara a eses proxectos.

Ademais, o alcance dos efectos directos e indirectos xerados polas filiais das multinacionais no territorio galego foi baixo, confirmando a relación entre o seu impacto benéfico e o nivel de desenvolvemento da economía de acollida. Abandonadas ó seu libre criterio, as direccións destas grandes corporacións importaron maqui-

naria do exterior e mercaron os insumos intermedios e a tecnoloxía que precisaron noutros espacios. Non foi posible o desencadeamento dun círculo virtuoso de industrialización, que tampouco suscitaron outros operadores.

Pero tamén carece de sentido considerar as filiais das transnacionais responsables principais do escaso impulso da produción secundaria en zonas como Galicia. En realidade, o que debería ser atribuído ó capital internacional é que recea destes espacios en tanto que economías de recepción dos seus proxectos. É verdade que, froito da súa irrupción en determinados mercados, as multinacionais forzaron a desaparición de compañías autóctonas incapaces de competir; pero tamén que elevaron o nivel medio de produtividade, ó aguillar ó conxunto dos seus competidores (Devin; Cantwell). O resultado final, indeterminado a priori, estaría en función das características de cada sector e a potencia media de cada economía. En suma, dependía da calidade competitiva e innovadora das restantes empresas presentes en Galicia.

As economías de escala dos establecementos ou a empresa, o aproveitamento do potencial innovador do conxunto multinacional, a rendibilización da imaxe de marca da compañía, etc., son factores todos eles que tenden a desequilibrar a balanza competitiva en favor das filiais fronte ás pequenas empresas locais —que, na maior parte dos casos, aínda non alcanzaran a maioría de idade corporativa—. O efecto destructor aumentou no último período, ó pensarse a entrada, con maior frecuencia, baixo a modalidade de crecemento externo multinacional.

É certo que, fronte a este tipo de argumentos, nalgúns ocasións o socio exterior aparece como unha táboa de salvación que permite asegurar unha parte dos empregos e garanti-la continuidade da produción. As alternativas, neste caso, serían, ou ben desaparecer ó cubrirse o mercado con mercadorías importadas, ou ben entrar na órbita dun grupo multinacional. A segunda opción parece a máis adecuada, desde a perspectiva da economía rexional. Inclusive, cunha visión global, pensemos que os establecementos de sociedades con capital foráneo non se portaron mal en Galicia, no dramático período dos anos 80. Case todos eles perderon emprego, algúns pecharon, pero a crise lles afectou menos cás empresas con capital público ou privado español.

En realidade, o problema está situado nun plano máis profundo. As multinacionais non efectúan o desencadeamento dun proceso de industrialización autosostido polo seu carácter de tales. Pero, simultaneamente, protagonizan a produción nos sectores chamados a cumprir tal papel; e comparten, en Galicia, coas empresas públicas, os atributos de dimensión e organización precisos para iso. O estrangulamento básico sitúase, entón, na inexistencia dun aparato industrial propio competitivo coas multinacionais (pois o sector público estivo incapacitado para exercer este rol) e na dificultade que a ocupación das porcións clave por parte das filiais introduce para que poida xerarse (Fanjzylber).

Dúas reflexións finais sobre os retos do futuro, sobre esta base: a primeira refírese á importancia da capacidade dos operadores autóctonos, empresariais e públicos (en moitas ocasións ámbalas dúas cousas), para suscitar un proceso de transformación do tecido industrial local. Nunha dinámica de crecemento así xerada, as compañías foráneas atoparían máis razóns para inserirse, ó tempo que a súa contribución sería máis positiva; a segunda, á necesidade de condicionar axudas e autorizacións a un maior compromiso por parte das empresas multinacionais no desenvolvemento da contorna das súas filiais. A realización dunha parte da investigación, a compra de materiais locais ou o prolongamento dos ciclos transformadores deberían ser prerrequisitos para a obtención de subvencións.

NOTAS

1. Ou que estiveron vinculadas ó capital estranxeiro en momentos inmediatamente anteriores.
2. Perdéronse máis empregos industriais en Galicia na última década que os xerados na etapa anterior de crecemento.
3. Entre eles, os máis salientables son os de CITROEN HISPANIA en Vigo e ALUGASA e GENOSA na Coruña. Pero todos eles son do último tramo da década dos anos 50.
4. Como vimos antes, detrás de ALUGASA e GENOSA estaba a mesma empresa: PECHINEY. Unicamente hai que salientala creación en 1957 de ECESA pola empresa alemá ROSENTHAL para a explotación do caolín na costa norte.

5. Entendendo por tal a asunción de funcións máis complexas e próximas ó núcleo director dunha compañía.
6. Un exemplo claro: a colaboración de destacados líderes da industria conserveira na posta en marcha dunha fábrica de latas para conserva.
7. Ver, para unha interpretación parcialmente diferente, Doval Adán.
8. Para unha bibliografía extensa desta cuestión pode verse Fernández Leiceaga, 1990. Análizanse, ademais, as distintas aproximacións para a avaliación dos efectos sobre o emprego nas economías receptoras.
9. Para unha explicación e avaliación crítica destes efectos, poden verse os traballos da OIT, de Lall ou de Fernández Leiceaga (1990).
10. Aínda que tamén existen exemplos en sentido contrario (como no caso do aluminio).
11. O que non quere dicir que estas variables carezan de relevancia. Pola contra, consideramos que o reinvestimento das ganancias é a variable dinámica clave para coñecer os efectos sobre o emprego a longo prazo.
12. Veremos un pouco máis adiante que son empresas moi dependentes do exterior para a provisión doutros insumos.
13. O caso máis claro: a compra dunha parte dos activos de H. J. BARRERAS pola compañía alemana K-H-D, en condicións extremadamente beneficiosas, para pecha-la nova factoría ó pouco tempo (ver Fernández Leiceaga, 1990).

BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO, J.A.; DONOSO, V. (1989): *Características y estrategia de la empresa exportadora española*. ICEX.
- BUESA, M.; MOLERO, J. (1988): *Estructura industrial de España*. FCE.
- CASTILLO HERMOSA, J. DEL (1989): "Crise économique, changement dans l'investissement étranger et intégration de l'économie espagnole au marché mondial", *Economies et Sociétés*, 31.
- CANTWELL, J. (1989): *Technological innovation and multinational corporation*. Basil Blackwell.
- COWLING, K.; SUGDEN, R. (1987): *Transnational monopoly capitalism*. Wheatsheaf Books.
- DEVIN, J.M. (1985): *Impact des multinationals sur l'emploi en France (1974-1983)*. Tese de doutoramento). Universidade de París X.
- DOVAL ADÁN, A. (1990): "La inversión extranjera directa en Galicia durante 1985-1989", *Boletín del ICE*, 30/7-5/8.
- DUNNING, J.H. (1988): "Evaluating the cost and benefits of foreign direct investment: some general observations", *Reading Discussion Papers in International Investment and Business Studies*, 32.
- DUNNING, J.H. (1988): *Explaining international production*. Unwin-Hyman.
- DUPUY, C.; GOYA, M.; SAVARY, J. (1985): *La place et l'impact des entreprises étrangères sur la région du grand sud-ouest*. (Policopiado). LE-REP.
- DURÁN HERRERA, J.J.; LAMOTHE FERNÁNDEZ, P. (1989): "Características y comportamiento económico financiero de las grandes empresas españolas versus filiales de multinacionales, 1982-1986", *Papeles de Economía Española*, 39, 1989.
- FANJZYLBBER, F. (1976): "Oligopolio, empresas transnacionales y estilos de desarrollo", *El Timestre Económico*, 171.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1990): *Processo de transnacionalización e efectos sobre o emprego dos investimentos directos externos em economías periféricas. Umha aplicación ao caso galego (1959-1988)*. (Tese de doutoramento). Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1991): "Las transformaciones del sistema transnacional en el período de crisis orgánica", *Hegoa*, N 8.
- HIRSCHMANN, A.O. (1961): *La estrategia del desarrollo económico*. FCE.
- HOOD, N.; YOUNG, S. (1982): *Multinationals in retreat: the scottish experience*. Edinburgh: University Press.
- KREYE, O.; HEINRICH, J.; FROBEL, F. (1987): *Export processing zones in developing countries: results of a new survey*. ILO.
- LALL, S. (1979): *The multinational employment effects of multinational enterprises in developing countries*. ILO.
- LALL, S.; SINGH, A. (1977): *Transnational corporations and linkages with domestic enterprises: a survey and research proposals*, (Documento preparado para o CTN-ONU).
- LÓPEZ FACAL, X.; NOGUEIRA, C.; SOTO, L. (1980): *O poder industrial en Galicia*. Xerais.
- MICHALET, C.A. (1985): *Le capitalisme mondial*. (2ª ed.). PUF.

- MUÑOZ, J.; ROLDÁN, S.; SERRANO, A. (1978): *La internacionalización del capital en España, 1959-1977*. Cuadernos para el diálogo.
- OIT (1976): *L'impact des entreprises multinationales sur l'emploi et la formation*.
- OIT (1981): *Employment effects of multinationals enterprises in developing countries*.
- OIT (1982): *Effects des entreprises multinationales sur l'emploi dans les pays industrialisés*.
- PERRAKIS, C. (1977): "Some macroeconomics aspects of foreign direct investment: a preliminary note from the greek experience", *Reading Discussion Papers in International Investment and Business Studies*, 33.
- RODRÍGUEZ DE PABLO, J. (1988): "La inversión extranjera en la economía española y los movimientos internacionales de capital", *Boletín Económico del Banco de España*. (Maio).
- RUÍZ GONZÁLEZ, M., FERNÁNDEZ LÓPEZ, F.X. (1989): "A penetración do capital estranxeiro nas empresas de Galicia", *Análise Empresarial*, 6.
- SAVARY, J. (1981): *Les multinationales françaises*. PUF-IRM.
- SAVARY, J. (1991): "Les nouveaux rapports des groupes multinationaux aux territoires: de la domination extraversion au partenariat local?", *Les Cahiers de Recherche du LEREP*, 2.
- SEQUEIROS TIZÓN, J.L. (1986): *El desarrollo económico de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- VIDAL VILLA, J.M. (1990): *Hacia una economía mundial*. Plaza Janés.